

O LIP DUB

A Expresión Corporal é un contido da Educación Física. Ten como ferramenta fundamental o corpo, os movementos e os sentimentos. É unha forma de comunicación que emprega a linguaxe non verbal, aquela na que non se usan as palabras.

Podemos dicir que os obxectivos da Expresión Corporal son:

- Manifestar e exteriorizar sentimentos, sensacións, ideas, conceptos,...
- Comunicar sentimentos, sensacións, ideas.
- Desenvolver o sentido ou intención estética do movemento.

Vamos a analizar un pouco máis os tres elementos fundamentais da Expresión Corporal:

- O corpo: é un elemento expresivo, aínda en ausencia de movemento, sobre todo a cara e as mans.
- O movemento: podemos traballar en distintos espazos (arriba, medio, abaixo), en distintos tempos (rápido-lento, súbito-sostido) e a diferentes intensidades (forte-suave).
- O sentimento: neste contido é onde mellor cabida teñen as emocións e as sensacións.

Neste curso imos recurrir a un Lip-dub. É un pequeno formato que combina o lip synching (sincronización de beizos) co audio dubbing (grabación de sonido) para dar lugar a un vídeo musical. Poderíamos dicir que é un vídeo musical no que un grupo de persoas crean unha escenografía e a representan mentras fan “playback” cantando ó compás dunha coñecida canción.

Unha das características do lipdub é que se roda no chamado plano secuencia, que consiste en filmar a secuencia en continuidade, sen corte entre planos. A cámara é a que se desplaza seguindo a acción.

Cun lipdub queremos transmitir creatividade, bo humor e dinamismo.